

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ESTUDO E ANÁLISE  
ESTRATÉGICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE  
CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 19  
DE FEBREIRO DE 2018**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:30 horas do luns día 19 de febreiro de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Constitución e inicio dos traballos da comisión

**ASISTEN OS SRES:**

**Profesorado:**

Carro López, Diego

Colominas Ezponda, Ignasi

González Fonteboa, Belén

Martínez Lage, M<sup>a</sup> Isabel

Navarrina Martínez, Fermín Luis

Novalés Ordax, Margarita

Orro Arcay, Alfonso

París López, José

Peña González, Enrique

**Estudantes:**

Alonso Rodríguez, Pablo

Pazos Taboada, Damián

Sotelo Domínguez, Luis

**PAS:**

Calvo Fariña, Juan Bautista

**EXCUSA:**

García-Alén Lores, Gonzalo

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

**1. Constitución e inicio dos traballos da comisión**

O Director comeza recibindo aos membros e agradecelles que se presentaran a esta comisión. Continúa facendo un repaso da orixe e evolución das titulacións que hai na Escola: 2 títulos de grao, 2 titulacións de mestrado e un programa de doutoramento. Estase facendo a acreditación EURACE dos dous graos e tamén está solicitada esta acreditación para o mestrado de Enxeñaría de Camiños Canais e Portos. Comenta tamén o desenvolvemento dos acontecementos respecto á declaración de singularidade e que hai unha comisión entre as tres universidades e a Xunta que estudiará o mapa de titulacións.

Intervén o profesor Alfonso Orro indicando que hai diversas opinións e enfoques na Escola sobre o papel do grao de Enxeñaría de Obras Públicas e o do grao de Tecnoloxía da Enxeñaría Civil. É posible que teñamos que repensar estes dous graos e ver cales serían as liñas de futuro. Necesitaríanse datos sobre este tema, sobre que fan outras escolas. Outras liñas de traballo serían propostas de mellora docente. Por último, indica que sería preciso analizar as novas ofertas formativas de futuro.

Intervén o profesor Fermín Navarrina, expón que desde a Xunta de Galicia se solicitou que se propuxera a substitución das antigas titulacións da Escola e que a Xunta de Escola propuxo a substitución da Enxeñaría de Camiños polo TECIC e o Mestrado de Camiños C e P, por outra banda, sustitúíse a Enxeñaría Técnica de Obras Públicas polo grao de Enxeñaría de Obras Públicas. Propón que unha liña firme ten que ser defender as titulacións da Escola.

Intervén a profesora Isabel Martínez indicando que o plan era que se substituíra Enxeñaría de Camiños C e P polo TECIC e que Enxeñaría Técnica de Obras Públicas substituíse polo GEOP nos papeis, pero non había consenso de que iso fose o que había que facer. De cara ao futuro considera preciso redeseñar o mapa e pensar no que queremos.

Intervén a profesora Belén González indicando que houbo controversia sobre as equivalencias pero indica que as propostas que se prepararon e aprobaron desde a Escola eran de correspondencia de TECIC con ECCP e GEOP con ETOP.

Intervén o profesor Enrique Peña, indica que na comisión hai bastante representación de algunhas áreas e pouca de outras. Indica que considera que é importante recoller as opinións dos profesores que foron estudantes desta escola. Existen casos ademais de estes profesores que na súa condición de asociados teñen traballos fóra. Pregunta se esta é unha comisión a futuro ou tamén sobre o diagnóstico da situación actual. Indica que se apostamos por un solo grao esto ten un efecto sobre os profesores. Respecto aos números de alumnos de entrada, indica que unha variable importante é que estes estudos se ofertan en moitos lugares.

Intervén a profesora Margarita Novalés, indica que a situación actual é peor que a que tiñamos fai anos por ter menos estudantes. Considera que hai que estudar se é unha mellor opción ter un único grao forte. Considera que é fundamental recibir opinións do resto da

Escola. Propón escribir un correo para pedir opinión. Tamén considera que se debería contactar cos egresados. Considera que é moi importante ter datos sobre outras escolas, e se se coñecen os datos de acceso para poder analizar o que se fai. Considera que a defensa debe ser da Escola, non dos graos de maneira separada. A relación co entorno tamén é importante, contactar con Lugo e ver se podemos captar estudantes de Lugo. Tamén sinala que en Portugal hai moita demanda de estudos de enxeñaría civil e habería que explorar esas opcións.

Intervén o estudante Damián Pazos, respecto aos dous graos actuais el indica que os dous graos teñen o mesmo grupo obxectivo. Considera que sería interesante encontrar un grao que teña interese na sociedade. Respecto aos dobres títulos internacionais indica que a opción é interesante. Consulta se hai información sobre o mestrado de sustentabilidade. Indica que tamén é importante ver se se pode captar estudantes para facer o mestrado desde outros lugares.

Intervén o estudante Luis Sotelo, indica que é moi importante ter datos sobre o acceso á Escola. Se houbo estudantes que foron para outras Escolas, sería importante coñecer as razóns. Indica que Oporto ten moito tirón e moito éxito.

Intervén o profesor José París, indicando que reducir graos é unha decisión moi drástica e que non se deberían tomar decisións en situacións conxunturais. Indica que a cuestión da situación en Portugal é interesante e que hai que estudalo.

Intervén o profesor Fermín Navarrina, trata o tema da orixe dos graos e as correspondencias entre titulacións. Indica que considera que ter un único grao non aporta nada. Indica que hai unha oferta moi amplía en estudos de enxeñaría civil, impartida por centros que non están preparados en termos de medios docentes e laboratorios.

Intervén o estudante Pablo Alonso indica que hai que estudar por que se van os estudantes a cursar o mestrado a outro lugar.

Intervén o profesor Enrique Peña, indica que non hai que ter reticencias a estudar os dous graos e ver que opcións de cambios se poideran propoñer.

Intervén a profesora Margarita Novales tratando o tema de repeticións e descoordinacións entre grao e mestrado.

Intervén o Sr Juan Calvo, indicando se hai posibilidades de captar mais estudantes provintes da Formación Profesional.

Intervén o Director indicando que non está escrito en ningún lugar que a Escola teña que ter dous graos, podería ter un, dous, tres ou máis. Explica que na súa opinión habería que explorar a posibilidade de implantar unha terceira titulación de grao que non compita cos existentes e no que participen a maior parte dos grupos da Escola. Trata o tema de integración de grao e mestrado, indicando que hai pasos neste sentido na CRUE para a

implantación dos programas integrados. Sobre o problema de base da baixa demanda, na súa opinión, se non tiveran sucedido os cambios de Bolonia e seguirmos cos programas antigos, estaríamos na mesma situación de baixa demanda das titulacións. Expón tamén que non hai ningunha garantía de que se se tivera unha única titulación de grao a situación sería mellor, máis ben ao contrario.

Expón máis datos, por unha banda a redución demográfica e ademais que hai menos estudantes que aposten polo bacharelato tecnolóxico. Outro tema negativo sería a denominación, xa que non se oferta entre as titulacións de grao a titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

Indica que houbo noticias en prensa de protestas estudiantís queixándose de falta de profesores en Enxeñaría Aeronáutica en Ourense. Tamén indica que haberá unha reunión para establecer a titulación de mestrado interuniversitario en Enxeñaría Aeronáutica.. Respecto ao mestrado de sustentabilidade, indica que trasladou a decisión da Xunta de Escola á reitoría e el non ten noticia ningunha. Respecto ás reunións de directores, si que hai reunións con directores de escolas onde se imparte o mestrado de enxeñaría de camiños, canais e portos. Nestas reunións non se aportan datos claros en algúns termos.

Establécese un debate sobre como se van a recoller os datos, proponse preparar unha enquisa para profesionais e para egresados. Intervén o profesor Fermín Navarrina indicando que se debería consultar cal é o número de egresados que deberían formarse. Considera que é importante repensar os números de prazas que se ofertan.

O director indica que lle chegou unha oferta desde a Escola de Arquitectura Técnica sobre as posibilidades de creación dun dobre Grao con Obras Públicas e que habería que estudalo.

O director propón recadar o maior número de datos posibles e envialos antes da seguinte reunión. Tamén se acorda preparar enquisas para recadar datos. Os estudantes propoñen pedir datos sobre os estudantes que van a facer o mestrado a outros centros. A sesión da Comisión de estudo e análise estratéxico finaliza ás 14:25 do 19 de febreiro de 2018

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**